

CONDICIÓN XERAIS DO CONTRATO DE ASISTENCIA SUBSCRITO ENTRE VUELING AIRLINES, S.A. E EUROP ASSISTANCE ESPAÑA, S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS

Só Equipaxe

ASEGURADOR

EUROP ASSISTANCE ESPAÑA, S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS (en adiante, **EUROP ASSISTANCE**), que asume o risco definido no presente contrato.

TOMADOR DO SEGURO

A **persoa física ou xurídica** que xunto co Asegurador subscribe este contrato e á que corresponden as obrigacións derivadas do mesmo, agás as que pola súa natureza deban ser cumpridas polo Asegurado.

ASEGURADO

Persoa física **con domicilio habitual en calquera país europeo ou ribeirán do Mediterráneo**, mencionada nas Condicións Particulares, que contrate un voo de **VUELING** e o presente seguro de asistencia na viaxe asociado ao mesmo antes da data de inicio da viaxe, e cuxos datos sexan comunicados a **EUROP ASSISTANCE**.

FAMILIAR DIRECTO CUBERTO

Cónxuxe, parella de feito debidamente inscrita no correspondente Rexistro Oficial, país, sogros, fillos ou irmáns do Asegurado.

ACCIDENTE

As lesións corporais ou os danos materiais sufridos durante a vixencia do contrato e derivados dunha causa violenta, súbita, externa e allea á intencionalidade do Asegurado.

EQUIPAXE

Conxunto de roupas e pertenzas propios para o uso e a hixiene persoal e necesarios no transcurso da viaxe transportado no interior da/s maletas/s.

ROUBO

Subtracción dos obxectos móbeis alleos, con violencia ou intimidación nas persoas ou empregando forza nas cousas.

FURTO

Subtracción dos obxectos móbeis alleos, sen mediar violencia ou intimidación nas persoas nin empregando forza nas cousas.

OBXECTO DO CONTRATO

Garantir contra as consecuencias de aqueles riscos cuxas coberturas se especifican no presente contrato e que se produzan como consecuencia dun evento fortuíto **no transcurso dunha viaxe** fora do Domicilio Habitual, dentro do Ámbito Territorial cuberto e cos límites sinalados no mesmo. As garantías do contrato deixarán de surtir efecto unha vez

finalizada a viaxe e ao regreso do Asegurado ao Domicilio Habitual.

DURACIÓN DA VIAXE

As garantías prestaranse unicamente para os desprazamentos incluídos no billete de avión contratado con **VUELING**.

DOMICILIO HABITUAL

Enténdese por domicilio habitual do Asegurado o localizado en calquera país europeo **ou ribeirán do Mediterráneo** que se fai constar na contratación do voo, e dende o que se realicen os desprazamentos cubertos no presente contrato.

ÁMBITO TERRITORIAL

As garantías prestaranse nos países incluídos no billete de avión contratado con **VUELING**.

Quedan excluídos, en todo caso, aqueles países que aínda que aparezan reflectidos no ámbito territorial contratado se atopen durante o desprazamento en estado de guerra, insurrección ou conflitos bélicos de calquera clase ou natureza, mesmo cando non se teñan declarado en tal estado oficialmente. Neste caso, EUROP ASSISTANCE reembolsará os gastos cubertos e debidamente xustificadas mediante a factura orixinal acreditativa.

FRANQUÍA QUILOMÉTRICA

A asistencia será válida a partir de 35 km. do Domicilio Habitual do Asegurado (15 km. illas).

TRÁMITES EN CASO DE SINISTRO

Se acontecera un feito que puidera dar lugar á prestación de algunha das garantías cubertas no contrato, será requisito indispensable a comunicación inmediata do sinistro, a través dunha chamada ao teléfono 34.91.514.00.10, do envío dun fax ao nº 91.514.99.50 ou por outro medio que deixe constancia da comunicación do devandito sinistro, quedando expresamente excluídas con carácter xeral aquelas prestacións que non se comunicaran previamente a EUROP ASSISTANCE e aquelas para as que non se obtivera a correspondente autorización.

En caso de forza maior que impida dar aviso, este deberá darse en canto cese a causa que o impida.

Unha vez establecido o contacto, o asegurado indicará: **Nome e apelidos, lugar onde se atopa e teléfono de contacto** e informará das circunstancias do sinistro e do tipo de asistencia solicitada.

Unha vez recibida a notificación, **EUROP ASSISTANCE** dará as instrucións pertinentes co obxecto de que se preste o servizo requirido. Se o asegurado actuara de forma contraria ás instrucións impartidas por **EUROP**

ASSISTANCE, correrán pola súa conta os gastos nos que incorra polo devandito incumprimento.

Para o reembolso de calquera gasto poderá dirixirse a vueling.europ.es onde poderá acceder a “Tramitacións en liña” para crear a súa propia solicitude de reembolso e facer o seguimento do trámite, ou ao apartado de correos 36316 (28020 Madrid). En tódolos casos será indispensable a presentación de facturas e xustificantes orixinais.

TRÁMITES EN CASO DE QUEIXA POR PARTE DO ASEGURADO

EUROP ASSISTANCE pon a disposición dos Asegurados un Servizo de Reclamacións cuxo Regulamento se pode consultar na páxina web www.europ-assistance.es. Poderán presentar queixas os tomadores, asegurados, beneficiarios, terceiros prexudicados ou causahabentes de calquera dos anteriores, no apartado de “Defensa do Cliente” da web, ou dirixíndose por escrito ao Servizo de Reclamacións:

Enderezo: Servicio de Reclamaciones
Cl. Orense, 4 – Planta 14
28020- MADRID

Dito Servizo, que funciona de xeito autónomo, atenderá e resolverá nun prazo máximo de 2 meses as queixas escritas que lle sexan directamente dirixidas, cumprindo así coa Lei ECO/734/2004 de 11 de marzo e a Lei 44/2002 de 22 de novembro.

Se se esgotara a vía do Servizo de Reclamacións, o reclamante poderá formular a súa queixa ante o Comisionado para a Defensa do Asegurado e do Partícipe en Plans de Pensións (adscrito á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións), cuxo enderezo é:

Pº de la Castellana, 44
28046- MADRID

SUBROGACIÓN

EUROP ASSISTANCE subrógase ata o total do custo dos servizos prestados por ela, nos dereitos e accións que correspondan ao Asegurado contra toda persoa responsable dos feitos e que teñan motivado a súa intervención. Cando as garantías realizadas en execución do presente Contrato sexan cubertas en todo ou en parte por outra entidade Aseguradora, pola Seguridade Social ou por calquera outra institución ou persoa, **EUROP ASSISTANCE** quedará subrogada nos dereitos e accións do asegurado ante a devandita compañía ou institución.

A estes efectos, o asegurado obrígase a colaborar activamente con **EUROP ASSISTANCE** prestando calquera axuda ou outorgando calquera documento que puidera considerar necesario.

En todo caso, **EUROP ASSISTANCE** terá dereito a utilizar ou solicitar do asegurado a entrega do título de transporte (billete de tren, avión, etc.) detentado por este, cando os gastos de regreso corran pola conta de **EUROP ASSISTANCE**.

RESPONSABILIDADE

Se acontecera un sinistro, **EUROP ASSISTANCE** non asumirá ningunha responsabilidade respecto ás decisións e actuacións que adopte o Asegurado, contrarias ás súas instrucións ou ás do seu Servizo Médico.

LEXISLACIÓN E XURISDICIÓN

O Asegurado e **EUROP ASSISTANCE** sométense á lexislación e xurisdición españolas a tódolos efectos do presente contrato. O xuíz competente para o recoñecemento das accións derivadas do contrato será o do Domicilio Habitual do Asegurado.

LÍMITES GARANTIDOS

As contías económicas que figuran como límite en cada unha das prestacións deste contrato enténdense como importes máximos acumulables durante a viaxe.

GARANTIAS CUBERTAS

1.- Busca e localización de equipaxes

En caso de que o Asegurado sufra unha demora ou a perda da súa equipaxe, **EUROP ASSISTANCE** asistíralle na súa busca e localización, asesorándoo na xestión para presentar a correspondente denuncia. Se a equipaxe é localizada, **EUROP ASSISTANCE** a expedirá ata o país de Domicilio Habitual do Asegurado, sempre que non sexa necesaria a presenza do propietario para a súa recuperación.

2.- Cancelación de Tarxetas

A demanda do Asegurado, **EUROP ASSISTANCE** procederá, no menor tempo posible, a realizar os trámites necesarios para a cancelación de tarxetas bancarias e non bancarias, emitidas por terceiras entidades en España, como consecuencia de roubo, furto ou extravío das mesmas. O Asegurado deberá facilitar persoalmente os seguintes datos: DNI, tipo de tarxeta e entidade emisora. **En calquera caso, será necesaria a presentación da correspondente denuncia ante as autoridades competentes.**

3.- Perda, danos e roubo da equipaxe

Se no transcurso dunha viaxe a equipaxe facturada se perde definitivamente ou sofre un grave deterioro, ben sexa por causa imputable á Empresa transportista, ben por roubo, **EUROP ASSISTANCE** garante o pago como indemnización **ata un límite de 60 euros por obxecto e un máximo de 600 euros.**

Para poder acceder á indemnización deberá acreditarse a perda ou o dano producido mediante o xustificante facilitado pola Empresa Transportista.

En caso de roubo da equipaxe, será indispensable a presentación da correspondente denuncia formulada ante a autoridade local competente no lugar dos feitos.

En todos os casos, será necesaria a relación detallada e valorada dos obxectos roubados, perdidos ou danados, **así como a tarxeta de embarque.**

Non se indemnizarán de forma independente as partes integrantes ou accesorios dun obxecto.

Quedan excluídos o furto, o simple extravío, o diñeiro, as xoias, os equipos electrónicos e dixitais, os documentos, o roubo de equipaxe ou obxectos persoais que se atopen en vehículos ou tendas de campaña, así como calquera tipo de equipaxe non facturada.

4.- Demora da equipaxe

Se a demora na entrega da equipaxe facturada, por causa do transportista, é superior a 12 horas ou transcorre unha noite polo medio, reembolsaranse os gastos orixinados no lugar onde se producira a demora, pola compra de artigos de uso persoal necesarios (debéndose presentar as facturas orixinais correspondentes, a tarxeta de embarque, e o xustificante da demora expedido pola compañía transportista) **ata un límite de 50 euros cada 12 horas e ata un máximo de 300 euros.**

Esta indemnización será deducible da que corresponda ao amparo da prestación "Perda, danos e roubo da equipaxe" de chegar a producirse a perda definitiva.

Non haberá lugar a esta garantía, se a demora ou as compras de artigos de uso persoal necesarios se producen na provincia na que o Asegurado ten o seu domicilio habitual.

5.- Perda ou roubo de documentos de viaxe

EUROP ASSISTANCE reembolsará ao Asegurado os gastos de xestión e obtención, debidamente xustificados, ocasionados pola substitución que o asegurado deba facer con motivo dunha perda ou roubo de tarxetas de crédito, cheques bancarios, de viaxe, pasaporte ou visados, que acontezan durante a viaxe e **ata un límite de 300 euros.**

Non son obxecto desta cobertura e, en consecuencia, non se indemnizarán os prexuízos derivados da perda ou roubo dos documentos mencionados ou da súa utilización indebida por parte de terceiras persoas.